

CASTELAO



● pai de Migueliño (Cousas)

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ó retrato.

Os americanos xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirao do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato, ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor, e canto máis se achegaba o americano, máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai, o americano pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de quere-lo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballe que aquel era o seu pai. O rapaz devecía por bicalo a fartar.

¡Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o americano pasou de largo e nin tan sequera reparou en que o seguían os ollos angurentos dun neno.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.


E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazando a súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi fraco, metido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

● retrato (Retrincos)

Por amainala conciencia guindei co meu título de médico no fondo dunha gabeta, e busquei outra maneira de me valer. As xentes xa non sabían que eu era dono de tan tremenda licencia oficial; mais unha noite foron requiridos os meus servicios.

Era domingo. Melchor, o taberneiro, agardaba por min ó pé da porta. Deume as boas noites e rompeu a chorar, e por entre os saloucos saíanlle as verbas tan estruchadas que soamente logrou dicirme que tiña un fillo a morrer.



O pobre pai turraba por min, e eu deixábame levar, enfeitizado pola súa dor. ¡Despois de todo eu era médico titulado e non podía negarme! E tiveron tan fortes anxeios de compracelo que sentín xurdir nos meus adentros unha grande ciencia...

Cando chegamos á casa de Melchor logrei arriarme das súas mans, e con finxido acoitamento confeseille que sabía pouco da carreira...

-Repara que hai moitos anos que non visito enfermos.

E entón Melchor, facendo un esforzo, díxome quedamente:

-O meu fillo xa non precisa de médicos. Eu xa sei que o coitado non pasa da noite. E váiseme, señor; ¡váiseme e non teño ningún retrato seu!

Ai, eu non fora chamado como médico; eu fora chamado como retratista, e no intre sentín ganas acedas de botarme a rir.

E por verme ceibe de xeira tan macabra díxenlle que unha fotografía era mellor ca un deseño, asegúreille que de noite poden facerse fotografías, e botando man de moitos razonamentos logrei que Melchor largase de min á cata dun fotógrafo. A cousa quedaba arrombada, e funme durmir, con mil ideas ensarilladas na chola.

Cando estaba prendendo no sono petaron na miña porta. Era Melchor.

-¡Os fotógrafos din que non teñen magnesio!

E díxome tremendo de anguria. A face albeira, e os ollos coma dous tetos de carne vermella de tanto chorar.

Endexamais fitei a un home tan desfeito pola dor.

Pregaba, pregaba, e collíame as mans, e turraba por min, e o malpocado dicía cousas que me rachaban as entrañas:

-Considérese, señor. Dous riscos de vostede nun papel e xa poderei ollar sempre a cariña do meu neno. ¡Non me deixe na escuridade, señor!

¡Quen tería corazón para negarse! Collín papel e lápiz, e alá me fun con Melchor, disposto a facer un retrato do rapaz moribundo.

Todo estaba quedo e todo estaba calado. Unha luz cansa alumeaba, en amarelo, dúas facianas arrepiantes que ventaban a morte. O neno era o centro daquela pobreza da materia.

Sen dicir nada senteime a debuxalo que ollaban os meus ollos de terra, e soamente ó cabo dalgún tempo conseguín afacerme ó drama que fitaba e aínda esquecelo un pouco, para poder traballar afervorado, coma un artista. E cando o deseño estaba xa no seu punto a voz de Melchor, agrandada por tanto silencio, feríume con estas verbas:

-Pola alma dos seus defuntos, non mo retrate así. ¡Non lle poña esa cara tan encoveirada e tan triste!

Confeso que ó volver á realidade non souben que facer, e púxenme a repasalas liñas xa feitas do retrato. O silencio foi esgazado novamente por Melchor:

-Vostede ben sabe como era o meu rapaciño. Faga memoria, señor, e debúxemo rindo.

De súpeto naceume unha grande idea. Rachei o traballo, ensumín o meu ollar nun novo papel branco e debuxei un neno imaxinario. Inventei un neno moi bonito, moi bonito: un anxo de retábulo barroco, a sorrir.

Entreguei o debuxo e saín fuxindo, e no intre de poñer-lo pé na rúa sentín que choraban dentro da casa. A morte viñera.

Agora Melchor consólase ollando a miña obra, que está pendurada enriba da cómoda, e sempre di coa mellor fe do mundo:

-Tiveron moitos fillos, pero o máis bonito de todos foi o que me morreu. Velaí está o retrato que non mente.

Chegou das Américas (Cousas)



Chegou das Américas un home rico e trouxo consigo un negriño cubano, coma quen trai unha mona, un papagaio, un fonógrafo... O negriño foi medrando na aldea, onde dependeu a falar con enxebreza, a puntear muiñeiras, a botar aturuxos abrouxadores.

Un día morreu o home rico e Panchito trocou de amo para gana-lo pan. Co tempo fíxose mozo comprido, sen máis chatas que a súa coor... Aínda que era negro como o pote, tiña gracia dabondo para facerse querer de todos. Endomingado, con un caravel enriba da orella e unha ponla de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.

Unha noite de estrelas xurdeu no seu maxín a idea de saír polo mundo á cata de riquezas. Tamén Panchito sinteu, como tódolos mozos da aldea, os anxeios de emigrar. E unha mañán de moita tristura gabeou polas escaleiras dun trasatlántico.

Panchito ía camiño da Habana e os seus ollos mollados e brillantes esculcaban no mar as terras deixadas pola popa.

Nunha rúa da Habana o negro Panchito tropezou cun home da súa aldea e confesoulle saloucando:

—Ai, eu non me afago nesta terra de tanto sol; eu non me afago con esta xente. ¡Eu morro!

Panchito retornou á aldea. Chegou probe i endeble; pero trouxo moita fartura no corazón. Tamén trouxo un sombreiro de palla e mais un traxe branco...

● **Rifante** (Cousas)



O “Rifante” era un mariñeiro que ganaba pesos que na súa bolsa gardábanse talmente como auga nunha peneira. En terra o Rifante non tiña caletre ningún; en canto ponía pé no seu barco, trocábase nun sabio. Tiña moitos fillos e moitos netos e todos a gastar a barullo porque o mar daba para todo.

Ninguén lle negou o creto de bo patrón e de bo cristiano que tiña; mais ás veces parecía ter tratos co demo. Habían de larga-lo aparello outros mariñeiros e non habían de coller ren; chegaba o “Rifante” e collía unha fartura de peixe.

O “Rifante” era farturo de seu. Estando a pique de morrer afogado ofreceuse a Nosa Señora e regaloulle un manto de seis mil réas, ademais da misa cantada, música, foguetes, traxes novos e comida a fartar.

O “Rifante” tiña fe na súa fada. Unha vez enfermouse e fixo de patrón o fillo máis vello. En canto volveu do mar, o fillo achegouse ó leito do pai e tatexando de medo contoulle que o aparello quedara trabado nunhas pedras. O “Rifante” dixo simplemente: “Non teñas medo, Ramón; o mar levouno, o mar dará para outro”. E despois calou e virouse cara á parede.

¡Que confianza tiña o “Rifante” no mar!

Pero tanta fartura minguou de súpeto e a fame foi entrando en tódolos fogares. Tal aconteceu cando as traíñas mataron o xeito.

O “Rifante” apareceu un día diante do meu pai, amigo seu dende nenos e adernais conselleiro.

— ¿Sabes unha cousa? —dixo—. Hai fame, ¡fame!, na casa do “Rifante”. Ti xa sabes que nunca pedín nada a ninguén; mais agora veño petar na túa porta para que me emprestes mil réas. Quero botarlle un balcón novo á miña casa, ¿sabes?, e así a xente que vexa que ando en obra non pensará que os meus non teñen que levar á boca.

Meu pai, que percorreu moito mundo, aseguroulle que a fame cúrase con pan, mais o “Rifante” púxose teso e volveu a falar.

— A vergonza é peor que a fame.

E seguro meu pai de non convencer en terra a un home que somentes ten intelixencia no mar, abreu a gabeta e colleu mil reás, pero o “Rifante” atallouno:

— Non, agora non mos deas; xa virei por eles.

Na noite daquel día velaí se sinteu unha tropa na nosa casa. Era o “Rifante” que viña coa muller, os fillos, os xenros, as noras e os netos; todos en procura dos mil reás.

A patulea do “Rifante” encheu a casa toda e daba medo pensar cómo formarían roda dernandando pan ó seu Patriarca.

O “Rifante”, coa gorra encachada até as orellas, pideulle os cartos a meu pai e, ó recibilos das súas mans, descubreuse relixiosamente e, amostrándollos a todos, dixo con solenidade:

— Miña muller e meus fillos, se morro, xa sabedes que se lle deben cincoenta pesos a iste horne.

E sen decir outra verba, tapou a cabeza e foise diante de todos, escaleira abaixo.

Chámanlle a “Marquesiña” (Cousas)



Chámanlle a “Marquesiña” e os seus peños endexamais se calzaron.

Vaí á fonte, depelica patacas e chámanlle a “Marquesiña”.

Non foi á escola por non ter chombra que pór e chámanlle a “Marquesiña”.

Non probou máis lambetadas que unha pedra de zucre e chámanlle a “Marquesiña”.

A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do Marqués.

¡E aínda lle chaman a “Marquesiña”!

Unha rúa nun porto lonxano (Cousas)

Unha rúa nun porto lonxano do norte. As tabernas están acuguladas de mariñeiros e botan polas súas portas o bafo quente dos borrachos. Xentes de tódalas castes do mundo,



cantigas a gorxa rachada, música de pianolas chocas, moito fedor a sebo...

Un mariñeiro que fala francés tropeza cun mariñeiro que fala inglés. Os dous fanse promesas de gran amizade, cada un no seu falar. E sen entenderse, camiñan xuntos, collidos do brazo, servíndose mutuamente de puntales.

O mariñeiro que fala francés e mailo mariñeiro que fala inglés entran minha taberna servida por un home gordo. Queren perde-lo sentido xuntos para seren máis amigos. ¡Quen sabe se despois de ben borrachos poderán entenderse!

E cando o mariñeiro que fala inglés xa non rexe co seu corpo, comenza a cantar:

*Lanchiña que vas en vela,
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.*

O mariñeiro que fala francés arregala os ollos, abrázase ó compañeiro e comenza tamén a cantar:


*Lanchiña que vas en vela,
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.*

¡¡A-iu-jú-jú!! Os dous mariñeiros eran galegos.

O taberneiro, gordo coma un ilamengo de caste, veu saí-los dous mariñeiros da taberna e pola súa faciana vermella escorregaron as hágoas. E despois dixo para si nun láido saudoso:

Lanchiña que vas en vela...

Tamén o taberneiro era galego.



-Eu son Xan, o que votou por vostede.
-¡Ak!... si! ¡Caravamba! Si desaca algo votou mañana.



Alí quiseas que sempre
fose a mala Terra.

